

A globalización en crise. Control, gubernamentalidade e movementos sociais.

Seminario autoxestionado (1 Crédito de libre configuración)

18 e 25 de abril

Campus de Elviña, A Coruña

Intro

A actual globalización dos sistemas de educación superior ameaza con anular todo espazo de crítica e disenso; a tecnocratización dos contidos, a elevada precarización de estudantes e investigadores, os réximes de propiedade intelectual privativos e as complexas xerarquías obstaculizan gravemente as posibilidades de oposición e alternativa á universidade neoliberal.

A complicada apertura dese espazo político outro, no que producir un saber común a partir do noso desexo de autonomía, horizontalidade e participación, anima esta asemblea desde comezos do presente ano académico.

Para os días 18 e 25 de abril temos introducido na oferta formativa do campus unha pequena interferencia, a nosa primeira experiencia de autoformación; “A globalización en crise. Control, gubernamentalidade e movementos sociais”, un seminario adicado ao mapeo dos territorios e as lóxicas da sociedade de control contemporánea e os novos movementos sociais que desde ela interrogamos as nosas posibilidades.

Programa

Venres 18 de abril. Campus de Elviña; Facultade de Dereito, Aula 5:

9:30 - 10:30 Presentación e conferencia inaugural: Apertura e creatividade: a historia do ser humano.

José Antonio Fernández de Rota. Catedrático de Antropoloxía da Universidade da Coruña.

O ser máis incontrolado do planeta substituiu os instintos polas moito complexas redes do control social. O control e as súas correspondentes iniciativas de resistencia, unhas e outras son unha mostra clara da creatividade humana, da súa apertura radical. Esta conferencia tratará de buscar as relacións existentes entre creatividade e liberdade.

10:30 - 12:00 Poder e contestación (de Foucault a Tarrío).

Luis García Soto. Profesor Titular de Filosofía Moral na Universidade de Compostela.

Segundo Foucault, na sociedade occidental contemporánea dáse un novo tipo (Biopoder) e unhas novas formas (regulacións, disciplinas, dispositivos) de poder, que se suman ao tipo (poder de morte) e as formas (poder militar, poder ideolóxico) tradicionais mais actualizadas. Perante eses poderes, a contestación (a resistencia, a oposición, a alternativa) vai do anti-poder ao contra-poder. A este respecto, Tarrío proporciona un exemplo e un aporte concretos.

12:00 - 12:15 Descanso.

12:15 - 1:45 Novo capitalismo e lóxicas de control.

José Ángel Brandariz. Profesor Titular de Dereito Penal na Universidade da Coruña.

Hai tres décadas Foucault intuiu que a lóxica disciplinaria que animaba entón aos dispositivos de sanción estaba mudando, na apertura dunha etapa xa embonariamente postmoderna. Hoxe é momento de testear as institucións de sanción e control presentes, para comprobar a certeza ou inveracidade daquela intuición.

16:00 - 17:30 O risco como dispositivo de goberno na sociedade de control. Algunhas notas sobre Frontex.

David San-Martín. Investigador Predoutoral en Filosofía do Dereito da Universidad de La Rioja.

A evolución do *risco* como dispositivo en sentido foucaultiano (é dicir, como entramado de racionalidades, discursos e técnicas de goberno) permite alumbrar algúns dos rasgos distintivos da sociedade de control: as novas formas de obxetivación securitaria, de relación poder-saber i, en definitiva, de gobernamentabilidade que dito modelo conleva. Como exemplo, plantéxanse algunhas notas sobre os usos das técnicas actuariais por parte de Frontex na xestión das fronteiras exteriores da UE.

17:30-17:45 Descanso.

17:45-19:30 Virtual WWWorlds. Servidumes e liberacións na era dixital.

Rosendo González. Revista Transversal.

A nova rede dixital non é só unha nova forma de transmisión e almacenamento de información senón que tamén, e sobre todo, é un novo modo de existencia. Un novo “estar no mundo” que combina, paradóxicamente, os máis íntimos e brutais métodos de control coas posibilidades máis radicais de liberación. Produción maquínica de subxetividade, aceleración, virulencia, espectáculo, sociedade-rede, fragmentación, etc. Se cadra hai dous dispositivos que por concentrar parte destas problemáticas téñense convertido en representantes desta contradicción: a web 2.0 e Google. Sobre eles versará en gran medida a nosa achega, aínda que tamén o fará a través do movemento polo software libre ou as reflexións de autores como Jean Baudrillard, Marshall McLuhan, Gilles Deleuze, Guy Debord e Félix Guattari.

Venres 25 de abril. Campus de Elviña; Facultade de Socioloxía, Salón de Graos:

9:30 - 10:30 Presentación.

10:30 - 12:00 Metrópole e multitude.

Emmanuel Rodríguez. Doutor en Historia pola Universidad Complutense de Madrid.

O concepto de metrópole, alén do seu vencellamento aos estudos urbanos e a determinadas morfoloxías urbanas, é hoxe o designador da situación. A metrópole é tanto a fábrica do capital como a gran máquina social. A metrópole é a pel da multitude, o goberno complexo dunha produción tendencialmente socializada; a realidade mesma da complexidade e da extremada fragmentación social. Por iso a metrópole só é gobernable mediante o estado de excepción. E por iso tamén, a metrópole é o gran reto dunha política alén dos episodios festivos do baile das revolucións moleculares e das pequenas insurreccións. A pregunta é tal vez sempre a mesma, qué política é hoxe posible?

12:00 - 12:15 Descanso.

12:15 - 13:45 A imaxinación ao poder?: estratexias de renovación urbana na cidade de Los Ángeles.

José María Cardesín. Profesor Titular de Socioloxía na Universidade da Coruña.

Abordaránse tres proxectos de remodelación urbana que se desenrollaron na cidade de Los Ángeles na segunda metade do século XX: Bunker Hill, Hollywood Boulevard e Plaza México. Os tres definen outros tantos modelos, tanto no que respecta aos obxetivos como á implicación dos poderes públicos. Dunha primeira estratexia de demolición total pásase a unha segunda de renovación urbana, para concluir na reinvenção Kitsch.

16:00 - 17:30 As políticas da narración. Simulacro e reflexividade.

Antón Fernández de Rota. Doutorando en Antropoloxía.

A través dunha revisión histórica das teorías da postmodernidade tentaremos aproximarnos as políticas da narración dos novos movementos sociais. Deste xeito emprenderase unha viaxe que, a saltos entre a antropoloxía, o cinema e os movementos, nos adentrará nas contra-estratexias que a *multitude* emprega na era da simulación co fin de expandir una reflexividade antagonista baixo a forma da *opera aperta*.

17:30 - 17:45 Descanso

17:45 - 19:30 A política além do soberam.

Raimundo Viejo Viñas. Profesor de Ciencia Política na Universitat Pompeu Fabra.

Co desenvolvemento da vaga de mobilizacións global que se estende de 1994 até a actualidade, o modo de mando inícia unha readaptación às esixencias de control que imponhem os novos repertórios da acción colectiva. Este cambio de paradigma no modo de mando está a pivotar sobre a excepción como cerna da produción de unha gobernabilidade outra alem os constringimentos da constituición formal. A fin de fazer possível o ajuste do modo de mando é precisa a suspensión de garantías jurídico-formais por meio da difusión generalizada de unha nova cultura da emerxencia baseada numha nova forma de soberanía: o Império. Esta, porem, socava os fundamentos da legitimidade liberal-democrática que se ancorabam no Estado nacional abrindo com ilo o horizonte de um poder constituinte.